




Aciñeiral de Mercurín

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6 km
Dificultade: media
Duración: 2-3 horas



Vista do interior e do exterior do aciñeiral de Mercurín



Unha camiñada circular para coñecer o aciñeiral de Mercurín e a interesante flora asociada, o souto do lugar, con algúns exemplares de bo porte, e varios castiñeiros monumentais na Ferrería Vella. Un novo achegamento ao interesante espazo do Courel (protexido no LIC "Ancares-Courel"), onde a variedade de substratos rochosos, combinada coas diferenzas de altitude e orientación crean multitude de ambientes que favorecen a diversidade da vida.

PERCORRIDO:

Podemos saír de Seoane ou da Ferrería Nova e subimos a Mercurín polo aciñeiral e o souto, para baixar logo pola estrada ata a Ferrería Vella. Desde alí achegámonos ao río para cruzalo e continuar polo antigo camiño ata a Ferrería Nova. O traxecto ten unha forte pendente de subida ata Mercurín, unha baixada cun descenso un pouco máis cómodo ata a Ferrería Vella e un camiño con subidas e baixadas para volver polo monte á Ferrería Nova.






Follas e landras de aciñeiras.



Ruda (*Ruta montana*).
Vive nos terreos secos da montaña.



Herba do pobre (*Clematis vitalba*), unha pranta gabeadora típica dos terreos calcários.



Na Ferrería Nova consérvase un dos mazos máis grandes do Courel. Foi restaurado hai uns anos, pero está pechado e só se poden ver as instalacións exteriores.



Geranium sanguineum, un xeranio típico das áreas de montaña.



Souto de Mercurín



Castiñeiro no Souto de Mercurín
(-6 m de perímetro)



Castiñeiro na Ferrería Vella (-9,30 m de perímetro)



Castiñeiro na Ferrería Vella
(-6,70 m de perímetro)



Castiñeiro na Ferrería Vella
(-6,50 m de perímetro)